



CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O EXERCICIO 2024.

En cumprimento do que dispón a lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 70 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, o Concello de Barreiros anuncia que, por Resolución da alcaldía do 11 de decembro de 2024, se aproba a oferta de emprego público desta corporación para o exercicio 2024, incluíndo as seguintes prazas coas seguintes características:

Persoal funcionario:

1.- Técnico/a de Cultura.

Escala Administración Especial. Grupo A2/B.

Concurso-oposición libre

Persoal Laboral fixo:

1.- Oficial do Servizo de Aguas.

Equivalencia C2

Concurso-oposición libre

Barreiros, 11 de decembro de 2024.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3976

CARBALLEDO

Anuncio

De conformidade co ordenado pola Alcaldía procédese á publicación da Resolución de data 12 de decembro de 2024 pola que apróbase a listaxe definitiva de admitidos, noméanse os membros do Tribunal cualificador, e sinálase lugar, data e hora do exame previsto nas Bases reguladoras do proceso selectivo convocado mediante Resolución de Alcaldía de data 13 de novembro de 2024 para a cobertura de dúas prazas de funcionario Administrativo, Escala de Administración Xeral, Subescala administrativa, Subgrupo C1, do Concello de Carballedo, mediante o sistema de concurso-oposición e promoción interna, incluídas na oferta de emprego para o ano 2024 (Bop. núm. 27 de xuño de 2024)

ESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que con datas 29 de outubro e 13 de novembro de 2024 foron ditadas sendas Resolucións de Alcaldía aprobando as bases e convocatoria que rexerán o procedemento de promoción interna para a selección como persoal funcionario de carreira polo sistema de concurso-oposición de dúas prazas de Administrativo, Escala de Administración Xeral, Subescala administrativa incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Carballedo para o ano 2024 (publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia con datas 27 de xuño e 1 de xullo de 2024 respectivamente).

Visto que no Boletín Oficial do Estado Núm. 281 de 21 de novembro de 2024 foi publicada a devandita Resolución de convocatoria outorgando un prazo de vinte días naturais para a presentación de solicitudes.

Visto que conforme ao disposto na Base 5.1, expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía - Presidencia da Corporación ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, constará a identidade dos aspirantes excluídos, con indicación das causas de exclusión.

Visto que dentro do prazo conferido ao efecto foron presentadas dúas solicitudes de participación no proceso selectivo, cumprindo todas elas co establecido nas anteditas Bases, sen que conste que fora excluído candidato algún.

Visto que segundo establece a Base 5.3 unha vez finalizado o prazo de subsanacións, as reclamacións, si as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas pola Presidencia da Corporación, na resolución pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será feita pública no Taboleiro de Edictos do Concello. No caso de que non se formularsen reclamacións quedará definitivamente aprobada a lista provisional.

Visto por outra banda que a Base 6 establece que por Decreto da Alcaldía establecerase a composición do órgano de selección que, en todo caso, estará composto por un presidente, un secretario, con voz e voto, e tres vocais: todos eles designados pola Corporación, de tal xeito que a designación dos membros do tribunal incluírá a dos respectivos suplentes.

Visto finalmente que conforme á Base 7.2 a fase de oposición consistirá na realización dun test de tal xeito que o lugar, a data, e a hora de celebración desta proba serán comunicados a través da resolución pola que se aprobe a relación de persoas admitidas e excluídas que será publicada no «Boletín Oficial da provincia».

Vistas as competencias conferidas en materia de Réxime Local

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte listaxe definitiva de admitidos ao proceso de promoción interna convocado para a selección como persoal funcionario de carreira e polo sistema de concurso-oposición de dúas prazas de Administrativo, Escala de Administración Xeral, Subescala administrativa, do Concello de Carballedo, incluídas na Oferta de Emprego Público para o ano 2024..

PRAZAS QUE SE CONVOCAN:2

DENOMINACIÓN	VACANTES	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	OBSERVACIÓNS
Administrativo	1	C1	Administración Xeral	Administrativa	Promoción interna
Administrativo Contabilidade	1	C1	Administración Xeral	Administrativa	Promoción interna

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS

ADMITIDOS/AS	DNI/NIF
LORENA LORENZO DEUS	*****054-Z
ESTEFANÍA LÓPEZ FERNÁNDEZ	*****622-E

SEGUNDO.- Nomear as persoas que de seguido se detallan membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado mediante Resolución de Alcaldía de data 13 de novembro de 2024 para a cobertura de dúas prazas de Administrativo, Escala de Administración Xeral, Subescala administrativa, Subgrupo C1, do Concello de Carballedo, mediante o sistema de concurso-oposición e promoción interna, incluídas na oferta de emprego para o ano 2024 (Bop. núm. 27 de xuño de 2024)

PRESIDENTE/A.

Titular: D. David Criado Taboada, Funcionario da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretario Interventor do Concello de Agolada.

Suplente: D^a. Irene Suárez López, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria Interventora do Concello de Cabanas.

VOGAIS.

1º Titular: D. José Manuel Fernández López, Funcionario Técnico de Xestión do Concello de Taboada.

Suplente: D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Funcionario da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretario do Concello de Mos

2º Titular: D^a. Susana Martínez Rodríguez, Funcionaria Técnico de Xestión do Concello de Chantada.

Suplente: D^a. Alejandra Pardo Vázquez, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria do Concello de Cariño.

3º Titular: D^a Lorena García Osorio, Funcionaria Administrativo-Secretaría do Concello de Taboada.

Suplente: María Dolores Rodríguez Gómez, Funcionaria, Traballadora social do Concello de Taboada.

SECRETARIO/A: Titular: Fernando Torre Comesaña, Secretario Interventor do Concello de Carballedo

Suplente: D^a Nadia Díaz Vázquez, Funcionaria da Administración Local con Habilitación de carácter nacional, Secretaria Interventora da Agrupación integrada polos Concellos de Taboada e Guntín

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o día 27 de decembro de 2024 (venres) ás 11:00 horas na Casa do Concello de Carballedo para a súa constitución e posterior exame e valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Convocar aos candidatos admitidos ás 11:00 horas do día 27 de decembro de 2024 (venres) na Casa do Concello de Carballedo para a realización das probas previstas nas Bases da convocatoria.

QUINTO.- Ordenar a publicación da presente resolución no Taboleiro de anuncios da Entidade e no Boletín Oficial da Provincia

SEXTO.- Comunicar que cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Carballedo, 12 de decembro de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco. O Secretario, Fernando Torre Comesaña.

R. 3998

GUITIRIZ

Anuncio

Publicación da resolución de alcaldía de data 9.12.2024 pola que se acorda resolver o proceso selectivo de 1 técnico/a de turismo (OEP 2020, estabilización de emprego temporal) como persoal laboral fixo mediante o sistema de concurso e a resolución de alcaldía de data 11/12/2024 de corrección de erro material. Exp. 450/2022.

- **“DECRETO RESOLUCIÓN PROCESO SELECTIVO DE 1 TECNICO/A DE TURISMO, PERSOAL LABORAL FIXO (OEP DE 2020, ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL). Expte. 450/2022.**
- Dona María Sol MorandeiraMorandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.
- Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:
 - Acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/11/2023 as bases reguladoras e convocatoria para o proceso de selección de 1 técnico/a de turismo como persoal laboral fixo mediante concurso, en execución da OEP do ano 2020, dentro do proceso de estabilización de emprego temporal.
 - BOP de Lugo nº 281 do 9 de decembro de 2023, foi publicado o anuncio da aprobación de bases e convocatoria do proceso selectivo. En datas 12/01/2024 e o 31/01/2024 publicáronse anuncios da convocatoria no DOG e BOE respectivamente. Decreto da alcaldía de data 30/01/2023 polo que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos. Devandita lista foi publicada no BOP de Lugo de data 15/02/2023.
 - Decreto de alcaldía de 27/02/2020 aprobose a lista provisional de admitidas e excluídas no proceso selectivo. Dita lista foi publicada no BOP de Lugo nº 56 do 09/03/2020.
 - Decreto de alcaldía 2024-0851 de data 29/10/2024 aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no expediente de selección de referencia, nomeando os membros do tribunal e data de constitución do mesmo. Publicase no BOP nº 254 de data 4/11/2024.
 - Actas do tribunal de data 20/11/2024 (baremación provisional de méritos) e de data 29/11/2024 coa resolución de alegacións presentadas e baremación definitiva de méritos con proposta de resolución do tribunal a Sra. Alcaldesa para que proceda a resolución do expediente de selección de persoal e a contratación como persoal laboral fixo de:

Nome e Apelidos	DNI
Olga Vázquez Rodríguez	33350074M

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes

en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e demais normativa concordante.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

- RESOLVO:

PRIMEIRO.- Resolver o proceso de selección de 1 técnico/a de turismo como persoal laboral fixo mediante concurso dentro do proceso de estabilización de emprego temporal convocado por acordo de Xunta de Goberno Local de data 22/11/2023, de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador de data 29/11/2024:

Nome e Apellidos	DNI
Olga Vázquez Rodríguez	33350074M

SEGUNDO.- Outorgar tendo en conta a base 8.1. un prazo de cinco días, contados dende o seguinte a aquel no que se resolve o proceso selectivo, no que deberá presentar na secretaria do Concello de Guitiriz os seguintes documentos, agás que xa obren no expediente:

- Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentar co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Se dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentase a documentación esixida, non poderá ser contratada, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incorrer por falsidade da solicitude de participación.

Cumprimentado o anterior procederase á sinatura do contrato laboral fixo pola aspirante aprobada.

O réxime de contratación laboral será o previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contrato de duración fixa. Ao contrato deben engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, e publicala no taboleiro de anuncios, na paxina web municipal e na sede electrónica.”

“Decreto corrección erro material nos antecedentes do decreto de resolución do proceso selectivo de 1 técnico/a de turismo, persoal laboral fixo (OEP de 2020, estabilización de emprego temporal).

Exp. 450/2022

- *Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.*

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- *Decreto 2024-0996 de data 05/12/2024 de resolución do proceso selectivo de 1 técnico/a de turismo, persoal laboral fixo (OEP de 2020, estabilización de emprego temporal).*
- *Vistos os antecedentes expostos no mesmo, en concreto o seguinte:*
- *“Decreto de alcaldía de 27/02/2020 aprobouse a lista provisional de admitidas e excluídas no proceso selectivo. Dita lista foi publicada no BOP de Lugo nº 56 do 09/03/2020”.*
- *Detectase un erro dado que os datos anteriores non corresponden co expediente de referencia, sendo os datos correctos relativos a lista provisional os seguintes:*
- *Decreto de alcaldía 2024-0760 de data 04/10/2024 aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo. Dita lista foi publicada na páxina web e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Guitiriz (dende o 04/10 a 18/10/2024).*

De conformidade codispuesto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Aoabeiro da atribución concedida á alcaldía segundo o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, os artigos 183 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e os artigos 52 e seguintes do Real Decreto 500/90, de 20 de abril.

RESOLVO:

PRIMEIRO.-Correxir o erro detectado nos antecedentes do decreto de resolución indicado sendo o correcto en relación a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as:

- *Decreto de alcaldía 2024-0760 de data 04/10/2024 aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo. Dita lista foi publicada na páxina web e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Guitiriz (dende o 04/10 a 18/10/2024).*

SEGUNDO.- Comunicar a presente Resolución as persoas interesadas, comunicala aos servizos municipais afectados aos efectos oportunos, publicala no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica e dar conta da mesma na seguinte sesión plenaria ordinaria.”

Guitiriz, 12 de decembro de 2024.- Alcaldesa, Maria Sol Morandeira Morandeira.

R. 3999

FRIOL

Anuncio

No concello recibíuse escrito remitido polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Lugo, en relación co recurso contencioso administrativo procedemento ordinario 0000323/2024-L-, contra acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro do actual, interposto por Dona Josefa Otero Penas. A requerimento do Xulgado, remitírase o expediente obrante nas oficinas municipais.

O que se fai público mediante a inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que cantos se consideren interesados no expediente poidan persoarse no recurso no prazo de 9 días. O edicto servirá de notificación, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, para todos os posibles afectados que resultaren descoñecidos, se ignore o seu enderezo, ou ben tramitada a notificación, non puidesen ser citados persoalmente.

Friol, 12 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3977

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA NOVEMBRO 2024

Por Xunta de Goberno Local do día 09.12.2024 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de NOVEMBRO de 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 18.12.2024 ata o 18.02.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 10 de decembro de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3978

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA OUTUBRO 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 09.12.2024 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de OUTUBRO 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 18.12.2024 ao 18.02.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 10 de decembro do 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3979

PANTÓN

Anuncio

CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DÚAS (2) PERSOAS TRABALLADORAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES” A CONTRATAR POLO CONCELLO DE PANTÓN, NO MARCO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO)

Nº POSTOS:2

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción.

DURACIÓN: 6 Meses.

TIPO DE XORNADA: Xornada Completa (100%)

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pantón ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello de Pantón deberá adiantarse por e-mail, copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (emprego@concellodepanton.es). As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Pantón, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

As bases reguladoras do proceso selectivo de referencia poderanse consultar no taboleiro municipal de anuncios do Concello de Pantón e na súa sede electrónica.

Pantón, 11 de decembro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3980

Anuncio

CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE UNHA (1) PERSOA TRABALLADORA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO “MONITOR DEPORTIVO” A CONTRATAR POLO CONCELLO DE PANTÓN, NO MARCO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO)

Nº POSTOS: 1

CARÁCTER DOS CONTRATOS: Laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción.

DURACIÓN: 6Meses.

TIPO DE XORNADA: Xornada Parcial (75%)

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Pantón ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello de Pantón deberá adiantarse por e-mail, copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (emprego@concellodepanton.es). As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Pantón, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

As bases reguladoras do proceso selectivo de referencia poderanse consultar no taboleiro municipal de anuncios do Concello de Pantón e na súa sede electrónica.

Pantón, 11 de decembro de 2024.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3981

O PÁRAMO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario data 29 de agosto de 2023, sobre suplemento de crédito financiado con cargo a o remanente líquido de tesourería, como segue a continuación:

Programa	Económica	Descrición	Importe
161	213	MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	10.000,00
161	22100	ENERGIA ELECTRICA	5.000,00
161	22111	REPUESTOS MAQUINARIA,UTILLAJE Y ELEMEN. TRANSPORT	5.000,00
1623	22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	5.000,00
163	22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	100,00
165	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	6.000,00
165	22112	MATERIAL ELECTRONICO,ELECTRICO Y TELECOMUNICACION	5.000,00
172	210	INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	15.000,00
231	22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	10.000,00
312	22103	COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	2.000,00

341	22609	ACTIVIDADES CULTURALES Y DEPORTIVAS	4.000,00
453	22103	COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	6.000,00
453	22199	OTROS SUMINISTROS	15.000,00
459	619	OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	12.000,00
920	131	LABORAL TEMPORAL	4.500,00
920	16000	SEGURIDAD SOCIAL	1.500,00
920	224	PRIMAS DE SEGUROS	3.000,00
920	22706	ESTUDIOS Y TRABAJOS TECNICOS	12.000,00
920	22799	OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	35.000,00
943	466	A OTRAS ENTIDADES QUE AGRUPEN MUNICIPIOS	600,00
			156.700,00

Esta modificación finánciase con cargo a o remanete líquido de tesourería do exercicio anterior.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

O Páramo, 12 de Novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 4000

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A 3ª AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía de data 12.12.2024, aprobáronse a convocatoria e as bases para a 3ª ampliación da bolsa de emprego temporal para AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR creada por Resolución de alcaldía número 2023-0133 de 1/06/2023 e ampliada a 1ª vez por Resolución de alcaldía número 2023-0345 de 13/11/2023 e a 2ª vez por Resolución de alcaldía número 2024-0111 de 24/05/2024 .

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Procedemento de selección: segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello do Páramo

<https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

O Páramo, 12 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 4001

VIVEIRO

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dª. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “ENCARGADO/A DA BRIGADA DE PARQUES E XARDÍNS”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “ENCARGADO/A DA BRIGADA DE PARQUES E XARDÍNS”, persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Excluir do proceso selectivo ao aspirante **D. FRANCISCO JOSE REY GARCÍA**, ao constatarse nesta fase do procedemento que carece dos requisitos esixidos para o seu nomeamento.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 22 de xaneiro de 2024 e 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos primeiro, terceiro e cuarto da presente resolución, coa salvidade da exclusión do aspirante proposto.

TERCEIRO.- Declarar como **aspirante seleccionada** a **DNA. LUCÍA YÁÑEZ DEL RÍO**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “ENCARGADO/A DA BRIGADA DE PARQUES E XARDINS” (OPO.2/151) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, persoal laboral fixo, toda vez que segundo a proposta do Tribunal é o seguinte aspirante con maior puntuación.

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(…) **16. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

16.1 Órgano competente.

A Alcadesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

16.2. Publicación.

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

16.3. Remate do proceso selectivo.

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.**17.1. Prazo.**

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

17.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

17.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato..."

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que a aspirante seleccionada presentou a documentación en tempo e forma que se requeria no punto 15 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

RESOLVO

PRIMEIRO.-Nomear a **Dna. Lucía Yáñez Del Río**, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT **"ENCARGADO/A DA BRIGADA DE PARQUES E XARDINS"** (OPO.2/151) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada completa, código 100. As retribucións a percibir serán as establecidas para o posto de traballo na RPT.

O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución ao interesado, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 4 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D^a María Luz Balsa Rábade.

R. 4002

Anuncio**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 -

Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan catro prazas de **“OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de catro prazas de **“OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A”** persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións de 28 de novembro de 2023 e 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal a favor de D. Víctor Baz López, Dna. Mónica Escourido Ferro, D. Manuel Solloso Fernández e Dna. Lucía Yáñez Del Río, como **aspirantes seleccionados**, para ocupar en propiedade catro prazas vacantes de **“OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR”** na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, como persoal laboral fixo...”

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala **“(…)16. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

16.1 Órgano competente.

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

16.2. Publicación.

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

16.3. Remate do proceso selectivo.

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.

17.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a

publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

17.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

17.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”

Visto que en data 25 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por Dña. Lucía Yañez del Río, como aspirante seleccionada para ocupar en propiedade unha praza vacante de “OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A”, designando ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Visto que en data 3 de decembro de 2024 saíu publicada na BOP de Lugo resolución de exclusión do proceso selectivo á aspirante Dña Mónica Escourido Ferro, ao constatarase, segundo a documentación presentada pola aspirante e a documentación obrante nas dependencias do Concello de Viveiro, que carece dos requisitos esixidos para o seu nomeamento, designando á seguinte aspirante como maior puntuación.

Visto que en data 11 de decembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por Dña. Nazaret Yañez Martínez, como aspirante seleccionada para ocupar en propiedade unha praza vacante de “OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A”, designando ao seguinte aspirante con maior puntuación, D. José Antonio Fuentes Lamela

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que os/as aspirantes seleccionados/as presentaron a documentación en tempo e forma que se requeria no punto 15 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear a **D. Víctor Baz López, D. Manuel Solloso Fernández, D. Julio César Rodríguez Piñón e Jose Antonio Fuentes Lamela**, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade as **catro prazas** vacantes “OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A”. na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada completa, código 100. As retribucións a percibir serán as establecidas para cada posto de traballo na RPT en consonancia co disposto na normativa vixente.

SEGUNDO.- O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

En atención ás características do presente proceso selectivo, e resultando que neste proceso se convocaron catro prazas vacantes “OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A” coa correspondencia de postos de traballo da RPT establecida na convocatoria (OP0.1/142, OP0.2/153, OP0.2/154 e AS1-/152) -con base na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Viveiro, en consonancia coa demais normativa en materia de emprego público de aplicación á Administración Local- as persoas propostas para o seu nomeamento como persoal laboral fixo no correspondente proceso selectivo obterán destino provisional no posto que, no seu caso se atopan desempeñando. As persoas propostas que non se atopan desempeñando ningún posto de traballo dos correspondentes ás prazas convocadas de “OFICIAL/A PRIMEIRO/A CONDUTOR/A” ás que accederon obterán destino provisional, entre os postos restantes, atendendo á orde de prelación resultante do proceso, aplicando en caso de empate os criterios de desempate previstos nas bases xerais.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución os/ás interesados/as, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 12 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D^a María Luz Balsa Rábade.

R. 4003

XOVE

Anuncio

Por medio do presente faise público que o Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 9 de decembro de 2024, aprobou a modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2025-2027 do Concello de Xove, de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, cuxo texto completo pode consultarse no Portal de Transparencia do Concello de Xove (<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/4e21b796-ae6c-400d-ba27-f4db3e86a282/>) para o seu público acceso.

O que se fai público para xeral coñecemento, aos efectos legais oportunos.

Xove, 10 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3983

COMUNIDADE DE REGANTES RÍO MIÑO PEQUENO

Anuncio

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA

A Comunidade de Regantes Río Miño Pequeno de Arneiro –Río Anllo , Cospeito, CONVOCA a tódolos comuneiros á ASAMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA que terá lugar no local social de As Panciegas - Muimenta, o VENRES 27 de decembro do 2024 as 11:30 da mañá en primeira convocatoria, e as 12:30 en segunda co seguinte, orde do día:

1. Autorizar ao presidente para solicitar a axuda do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, para a dixitalización de comunidades de usuarios de auga para regadío, no marco do plan PERTE (dixitalización do ciclo da auga). Convocatoria 2024.

3.Rogos e preguntas.

Arneiro (Cospeito), 11 de decembro de 2024.- O Presidente da Comunidade, Javier Álvarez López.

R.3984